

PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2022

1. *Plan de control financeiro 2022 - subvencións pagadas pola Deputación no exercicio 2019.*
2. *Plan de control 2022 – Concello de Arzúa.*
3. *Plan de control 2022 – Concello de Boqueixón.*
4. *Plan de control 2022 – Concello de Cee.*
5. *Dilixencia da selección da mostra de entidades do Plan 2022.*

EXPTE 2022000029335

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2022,
REFERIDO ÁS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2019, COA INCLUSIÓN
DOS ELEMENTOS DE RISCO COMUNICADOS POLO SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL,
CULTURA E DEPORTES.**

I. INTRODUCCIÓN.

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como dí a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.

Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano

interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

No marco normativo exposto, este órgano interventor elaborou e aprobou o **PLAN DE CONTROL INTERNO 2020-2021**, do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2021 (Punto 6 da orde do día). No marco de dito Plan, o control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención xa vén realizando a función de control financeiro desde o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Para continuar con estas actuacións de control financeiro de subvencións, procede neste ano 2022 executar o control sobre **as subvencións pagadas en 2019**, exercicio no que ademais de atender ás subvencións concedidas e xustificadas polas entidades non lucrativas do ámbito cultural, deportivo e social (áreas tradicionais da acción de fomento provincial), foron executados os pagamentos das axudas concedidas ao longo do exercicio 2018 con cargo ao **Plan de emprego local (PEL)**, dando lugar a 200 pagos correspondentes a outros tantos expedientes atendidos en dito período.

Xa que logo, dándolle cumprimento á normativa reguladora de control interno, tomando en consideración ás previsións contidas no Plan de control interno elaborado e coñecido polo Pleno da Corporación para o período 2020-2021 e consonte ao previsto na Base 56ª das de Execución do Orzamento xeral para o exercicio 2022, preséntase nos apartados seguintes o **PLAN DE CONTROL FINANCIERO 2022, RELATIVO ÁS SUBVENCIONES PAGADAS AO LONGO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2019, ASI COMO SOBRE OS ELEMENTOS DE RISCO COMUNICADOS POLO SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES.**

II. ANÁLISE PREVIO DE RISCOS.

Os riscos na incorrecta aplicación dos fondos públicos a través de subvencións xa foron postos de manifesto nos sucesivos plans de control financeiro de subvencións executados desde o ano 2006. Sen dúbida é unha das áreas de gasto na que se aprecia un maior risco de incumprimento, tanto formal coma material, ao seren terceiros os que xestionan a aplicación dos fondos públicos entregados.

Os resultados obtidos ata este momento na execución do Plan de control aprobado no exercicio 2021 para o control das subvencións pagadas nos exercicio 2018, seguen a evidenciar un grao elevado de risco, **chegándose ao 53 por cento de elementos defectuosos atopados, sen considerar as graves anomalías detectadas nos expedientes tramitados a proposta da Xefa do Servizo de Fiscalización** (operación vinculadas non autorizadas previamente, falsidade de facturas, exceso de financiamento, entre outras). Así, dos 55 expedientes rematados ata este momento (sobre os 62 que incluían a mostra inicial), téñense concluído 29 con informe de desconformidade, o que supón o 53 por cento. Asemade, a estes expedientes hai que engadir 2 máis con informe desfavorable dos 13 tramitados (11 pendentes de finalizar) a petición razoada da Xefa do servizo de fiscalización, unha vez que tiñan apreciado un risco de posible existencia de fraude ou irregularidade.

Por outra banda, o Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes emitiu informes relacionados con tres expedientes dos programas FO 103B/2020 e FO 223/2021 nos que pon de manifesto as dúbidas e riscos apreciados. Xa que logo, todos eles van a ser incorporados a este Plan de control financeiro a desenvolver no exercicio 2022.

III. A CONCRECIÓN DO PLAN: UNIVERSO E CRITERIOS DE ESCOLLA.

1. Universo:

O Plan vai executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 á entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexos I e II. Quedan excluídas do universo as subvencións pagadas a entidades locais e outras entidades públicas, pois polo seu carácter quedan sometidas ao control dos órganos de control interno daquelas entidades.

Pola aplicación do principio de escasa importancia relativa, entendendo asemade que o custo da actividade administrativa de control sería superior aos recursos públicos aplicados, tamén se decidiu excluír do universo as subvencións pagadas por importe inferior a 600 euros.

Dentro deste universo cómpre realizar unha división, con dous grupos diferenciados:

- Por unha banda, as subvencións pagadas á entidades non lucrativas (imputación aos artigos 48 e 78 da clasificación económica do estado de gastos), no que se atenderon os pagamentos de 1.793 expedientes con importe superior a 600 euros (segundo listaxe Anexo I).
- Por outra banda as pagadas á empresas, persoas físicas ou xurídicas, con imputación aos artigos 47 e 77 do Estado de gastos. Neste grupo o número de expedientes atendidos con pagamentos individuais superiores aos 600,00 euros foi de 200 (Anexo II).

2. O tamaño da mostra:

Para determinar o número de expedientes sobre os que se realizarán actuacións (tamaño da mostra) utilízase a seguinte fórmula de mostraxe aleatorio simple, partindo dos seguintes datos:

UNIVERSO EXERCICIO 2019 (Grupos I e II)	1.993 expedientes
UNIVERSO EXERCICIO 2018 (Grupos I e II)	1.890 expedientes
UNIVERSO EXERCICIO 2016-2017	3.109 expedientes
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2018	53,00
PORCENTAXE DE ELEMENTOS DEFECTUOSOS EN EXERCICIO 2016-2017	60,00

Mediante o tratamento dos anteriores datos coa fórmula de mostraxe aleatorio simple, obtense o seguinte resultado:

N = TAMAÑO DO UNIVERSO	1993
P.ESP = Porcentaxe esperada de elementos defectuosos	0,5735

→
$$P.ESP = (N_{t-1} \cdot \hat{P}_{t-1} + N_{t-2} \cdot \hat{P}_{t-2}) / (N_{t-1} + N_{t-2})$$

 Sendo N_{t-1} y N_{t-2} os tamaños dos universos en los períodos inmediatamente anteriores ao actual.
 Sendo $\hat{P}_{t-1}$ y $\hat{P}_{t-2}$ as estimacións das porcentaxes de elementos defectuosos nos dous períodos inmediatamente anteriores ao actual.

Precisión %	1,5
Nivel de confianza %	90

NOTA: Si P.ESP resulta $\leq 0,5$ se tomará 0,5

N_{t-1} =	1890
N_{t-2} =	3109
$\hat{P}_{t-1}$ =	53
$\hat{P}_{t-2}$ =	60

n = TAMAÑO DA MOSTRA	65,94
-----------------------------	--------------

→
$$n = \frac{N \cdot P.ESP \cdot (100 - P.ESP)}{(100 - P.ESP) + P.ESP \cdot (100 - P.ESP)} \cdot \frac{1}{V_o}$$

 Sendo $P.ESP \cdot (100 - P.ESP) = 57,0245286$
 Sendo $V_o = (PRECISION / 1,64)^2 = 0,83655562$

INTERVALO	30,22
------------------	--------------

→
$$Int. = N / n$$

Xa que logo, a mostra incluírá 66 expedientes, que serán escolleitos segundo o procedemento que se detalla no seguinte apartado.

3. Criterios de escolla da mostra:

Para a selección dos 66 expedientes da mostra, vaise a seguir o seguinte procedemento:

3.1. Grupo 1: Universo formado polas subvencións pagadas a entidades non lucrativas ordenadas de maior a menor contía:

- **1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 20.**

Seleccionaranse ao chou 4 expedientes dos 20 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5.

- **2º TRAMO: Expedientes do 21 ao 55.**

Seleccionaranse 5 expedientes do estrato composto por 35 expedientes (15 por cento). O primeiro seleccionarase ao chou no intervalo 1-7.

- **3º TRAMO: Expedientes do 56 ao 255.**

Neste estrato formado por 200 elementos, tomaranse 10 expedientes (o 5 por cento do estrato). O primeiro seleccionarase ao chou no intervalo 1-20.

- **4º TRAMO: Expedientes do 256 ao 1793.**

Tomarase o 1 por cento do estrato formado por 1.538 expedientes, isto é, 15 expedientes por redondeo, determinándose ao chou o primeiro no intervalo 1-103. No caso de que o número determinado ao chou no último tramo do estrato exceda de 38, tomarase o expediente sinalado no listaxe co número 1.793.

3.2. Grupo II: subvencións do PEL a prol de empresas privadas.

Dado que sobre o primeiro grupo van a escollerse 34 expedientes, para completar a mostra de 66 expedientes, deberanse seleccionar 32 expedientes deste Grupo II no que se desglosou o universo. Para tal fin, vanse a utilizar os mesmos intervalos que no grupo

anterior, se ben adaptados ao importe e número de elementos de cada estrato, fixéndose os seguintes:

- **1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 100.**

Seleccionaranse ao chou 20 expedientes dos 100 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5.

- **2º TRAMO: Expedientes do 101 ao 200.**

Seleccionaranse ao chou 12 expedientes dos 100 que forman o tramo (o 12 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-9. No caso de que o número determinado ao chou no último tramo do estrato exceda de 100, tomarase o expediente sinalado no listaxe co número 200.

Cando a subvención sexa de capital, tramitarase un procedemento ordinario, coa comparecencia do actuario na sede da entidade, para o efecto da realización a comprobación material do investimento realizado.

Se a subvención é de carácter corrente, incoarase inicialmente un procedemento abreviado, sen comparecencia do actuario, solicitándose inicialmente a documentación necesaria para facer as comprobacións oportunas; agora ben, se o interventor responsable do control financeiro o estima necesario, pola complexidade do expediente ou da contabilidade, poderase acordar a tramitación do expediente co carácter de ordinario.

De acordo co disposto no artigo 30.2 d) da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, cando un expediente conclúa con proposta de reintegro total ou parcial, procederase a estender as actuacións a todas as subvencións concedidas e pagadas a entidade beneficiaria, sempre que non se teña producido a prescrición.

IV. RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois en tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e tamén ao servizo xestor do expediente. Tamén serán remitidos ao Presidente e, a través de este órgano administrativo, ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento.

Segundo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionadores, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

Consonte ao previsto no artigo 31.3 do Regulamento de control interno, o presente Plan será remitido a efectos informativos ao Pleno da Corporación. Unha vez que o Pleno da Corporación tome coñecemento do mesmo, será publicado na sede electrónica da Deputación de A Coruña, aos efectos de xeral coñecemento.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.



EXPTE. 2022000029335

PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2022, REFERIDO ÁS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2019 POLO CONCELLO DE ARZÚA

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como dí a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE ARZÚA NA DEPUTACIÓN

2.1. O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “**Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes**”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.

Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións pagadas**



nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

- b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.*

2.2. O 17/02/2022 recíbese nesta Deputación certificado da secretaria do Concello de Arzúa, co visto e praxe da súa Alcaldía, do acordo plenario adoptado na sesión Ordinaria celebrada o 7 de xaneiro de 2021, que acordaba delegar nesta Deputación as funcións referentes ao control financeiro de subvencións outorgadas polo Concello de Arzúa, así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

2.3. Tendo en conta os antecedentes, lexislación aplicábel e consideracións expostas, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 25 de marzo do 2022, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Arzúa.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.



2.4. A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 06/04/2022.

3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE ARZÚA NO EXERCICIO DE 2019.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Posto que na Deputación procede este ano 2022 executar o control sobre **as subvencións pagadas en 2019**, seguindo o mesmo criterio, tamén se empezará a facer o control financeiro das subvencións de Arzúa pagadas nese mesmo ano .

Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan vai executarse sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 polo concello de Arzúa a entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexo.

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Arzúa en 2019, una vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros **é de 17 expedientes.**



Ao non ter precedentes para determinar a porcentaxe de elementos defectuosos e ao ser un universo tan limitado, estímase que coa selección de 5 expedientes ao chou sobre 17, o que supón un 30% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo dos 17 expedientes.

4.-RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois ten tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Arzúa, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Arzúa.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.



Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en cocemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,
Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,
José Manuel Pardellas Rivera.



**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO
2022, REFERIDO ÁS SUBVENCIONS PAGADAS NO EXERCICIO 2019 POLO
CONCELLO DE BOQUEIXÓN.
EXPEDIENTE: 2022000029335**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como dí a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NA DEPUTACIÓN

O Pleno da Deputación provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 30 de decembro do ano 2015 adoptou o acordo de aceptar a delegación de competencias para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Boqueixón .

A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 01/04/2016 e no DOGA o 02/12/2016.

O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria celebrada o día 29/07/2016, aprobou o Plan de control financeiro das subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón nos anos 2012-2014. Efectuada a correspondente mostraxe, consonte aos criterios aprobados polo Pleno, resultaron seleccionadas tres entidades as que se lles realizou o citado control.



3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NOS EXERCICIOS 2019.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Posto que na Deputación procede este ano 2022 executar o control sobre **as subvencións pagadas no ano 2019**, seguindo o mesmo criterio, tamén se farán o control financeiro das subvencións de Boqueixón pagadas ese mesmo ano .

Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan vai executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 polo concello de Boqueixón a entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexo.

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón en 2019, una vez eliminadas as cotas de socio de entidades das que forma parte o concello, axudas a grupos políticos, achegas ao transporte metropolitano de Galicia, premios, o comedor escolar, axudas de emerxencia e as que non superan os 600 euros **é de 3 expedientes.**

Ao ser un universo tan limitado estímase que coa selección de 1 expediente ao chou sobre 3, o que supón un 33% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo de 3 expedientes.



4.- RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois ten tal caso prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Boqueixón, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Boqueixón.

Segundo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das sancións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en cocemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera



EXPTE. 2022000029335

**PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO
2022, REFERIDO ÁS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2019 POLO
CONCELLO DE CEE.**

1.- INTRODUCCIÓN

Con data de 12 de maio de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado (número 113) o Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector público local. Esta importante norma regulamentaria vén a desenvolver os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (R.D. lexislativo 2/2005, de 5 de marzo), logo de que parte deste articulado fora obxecto de significativas modificacións aprobadas pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, coa finalidade de acadar un control económico-orzamentario máis rigoroso, e como di a súa Exposición de motivos, asegurar a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente dos mesmos e a sostibilidade financeira das entidades locais.

O control interno é unha función reservada ao órgano interventor da Corporación, encabezado xerarquicamente polo Interventor xeral e, baixo os principios de autonomía funcional e exercicio desconcentrado, integrado polo viceinterventor, interventores adxuntos e demais persoal funcionario adscrito á Intervención, coas delegacións e distribución de tarefas e cometidos que en cada momento fixe o propio Interventor xeral, que deberán ser executadas baixo a responsabilidade directa e inmediata do superior xerárquico dos correspondentes negociados, sección e servizos.



Para o cumprimento da súa función, tal como dispón o artigo 4.3 do Regulamento, o órgano interventor ha de dispor dun modelo de control eficaz, habilitándolle para tal fin os medios necesarios e suficientes. Este modelo deberá controlar inicialmente, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado e, no transcurso de tres exercicios consecutivos, o cen por cento de dito orzamento. Para acadar este obxectivo, o órgano interventor actuará mediante a función interventora, isto é, o control de legalidade previo a cada acto e acordo, e o control financeiro posterior, coa finalidade de verificar o funcionamento de cada servizo público para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e se, en síntese, se cumpre co principio de boa xestión financeira, que ademais de verificar a legalidade da actuación, analiza a eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, así coma o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE CEE NA DEPUTACIÓN

1- O 6 de xullo do 2020 foron publicadas no BOP da Coruña núm. 101 as “**Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes**”. Tal como se explica no fundamento do acordo adoptado, debido a escaseza de persoal adscrito aos órganos interventores municipais, a Intervención da Deputación, no exercicio das funcións de asistencia económica a municipios, decidiu ampliar esta oferta de cooperación para os concellos situados na banda entre 5.000 e 10.000 habitantes, entendendo que, xuntamente cos de menos de 5.000 habitantes, son os que contan cunha estrutura organizativa da Intervención municipal moi reducida.

Conforme á base terceira, que recolle o contido e alcance da delegación: “Os concellos poden delegar as seguintes funcións:

- a) O exercicio das funcións de **control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado ou de todos os exercicios pechados, sempre que as**



obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

*b) A instrución e resolución dos **expedientes de reintegro e sancionadores derivados** dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.*

2- O 09/10/2020 recíbese nesta Deputación certificado da secretaria en acumulación do Concello de Cee, co visto e prace da súa Alcaldía, do acordo plenario adoptado por maioría absoluta o 31/07/2020 do citado órgano, que acordaba delegar nesta Deputación as funcións referentes ao control financeiro de subvencións.

3- Tendo en conta os antecedentes, lexislación aplicábel e consideracións expostas, o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30 de outubro do 2020, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Cee.

SEGUNDA: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

4- A delegación de competencia entrou en vigor despois da publicación do acordo definitivo no BOP o 13/11/2020 e no DOGA o 31/12/2020.



3.- PLAN PARA O EXERCICIO DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS PAGADAS POLO CONCELLO DE CEE NO EXERCICIO 2019.

O control financeiro de subvencións adquire unha importancia significativa, ao ser unha tarefa que a Intervención provincial xa vén realizando dende o ano 2006, **amosando os resultados de cada ano a loita eficaz que se está a realizar contra o fraude, no só no que atinxe á aplicación concreta das subvencións, senón estendendo o seu efecto aos ámbitos tributarios, laborais e contábeis.**

Posto que na Deputación procede este ano 2022 executar o control sobre **as subvencións pagadas en 2019**, seguindo o mesmo criterio, tamén se empezará a facer o control financeiro das subvencións de Cee pagadas ese mesmo ano .

Concreción do plan: Universo e criterios de escolla da mostra.

O Plan vai executarase sobre as subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 polo Concello de Cee a entidades privadas, segundo listaxe que se incorpora como Anexo.

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Cee en 2019, una vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros **é de 10 expedientes.**

Ao ser un universo tan limitado estímase que coa selección de 3 expedientes ao chou sobre 10, o que supón un 30% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo de 10 expedientes.

4.-RESULTADOS.

De cada expediente de control financeiro emitirase un informe co carácter de provisional, a non ser que o informe sexa de plena conformidade, pois ten tal caso



prescindirase deste trámite por resultar innecesario. O informe provisional emitido será posto de manifesto ao terceiro interesado (entidade beneficiaria da subvención) así como ao servizo que xestionou a concesión e proposta de pagamento da subvención do Concello de Cee, concedéndose un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións que estimen oportunas. A vista das alegacións, emitirase un informe definitivo, que será remitido ao terceiro interesado e igualmente que no caso do informe provisional, ao servizo xestor do expediente do Concello de Cee.

Seguindo as Normas de auditoría do Sector Público aprobadas pola Intervención xeral do Estado e as disposicións contidas da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias desta Deputación, os informes exporán de forma clara, obxectiva e ponderada, os feitos comprobados, os fundamentos da opinión e das conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións ou actuacións correctoras necesarias, podendo derivarse dos mesmos a incoación de expedientes de reintegro e sancionador, cando se observe a comisión de accións tipificadas coma infracción administrativa.

Cando sexa unha persoa xurídica a beneficiaria da subvención, indicarse no informe a persoa física que exercía as funcións de administración ou representación legal no momento de presentarse a solicitude de subvención e tamén que asinou a conta xustificativa, para o caso de que fora necesario que nos posteriores procedementos de recadación dos reintegros e das accións fora necesario derivar responsabilidade solidaria ou subsidiaria contra estas persoas, nos termos previstos na Lei 28/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

No caso de apreciarse feitos que puideran dar lugar a responsabilidade penal, serán remitidos á Fiscalía Provincial de A Coruña; para o caso de que puidera existir a comisión dunha infracción das previstas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de



**Deputación
DA CORUÑA**

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL FINANCEIRO
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DE GASTOS

transparencia, acceso á información pública e bo goberno, daráselle traslado ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en cocemento do Tribunal de Contas, por si procedese a incoación dun procedemento de responsabilidade contable.

O interventor adxunto,
Juan Bautista Suárez Ramos.

O interventor xeral,
José Manuel Pardellas Rivera.

DILIXENCIA que se estende para facer constar o resultado do sorteo realizado para a obtención da selección da mostra dos expedientes de control financeiro sobre todas as subvencións pagadas a entidades privadas durante o exercicio económicos 2019, as correspondentes ao Plan de Emprego Local pagadas no exercicio 2019, as pagadas polos Concellos de Arzúa, Boqueixón e Cee no exercicio 2019.

Sendo as 14:00 horas do día 24 de maio do 2022, reunidos nas dependencias da Intervención, o interventor adxunto, Juan Bautista Suárez Ramos, a xefa do negociado de control financeiro e auditoría de gastos, Elisa Zas Prieto e os técnicos, Natalia Souto Iglesias e Víctor Manuel Martínez Couto e a administrativa Vanesa Garabal Villar, procedeuse a realizar o sorteo para a obtención da selección da mostra dos expedientes de control financeiro sobre todas as subvencións pagadas a entidades privadas durante o exercicio económicos 2019, as correspondentes ao Plan de Emprego Local pagadas no exercicio 2019, as pagadas polos Concellos de Arzúa, Boqueixón e Cee no exercicio 2019.

GRUPO 1 DO UNIVERSO:

O universo extraído do programa SICALWIN, cun total de 1993 subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 a entidades privadas non lucrativas, (excluídas as de menos de 600€), foi a base para realizar o tamaño da mostra, extraendo un total de 34 expedientes sobre os que se realizará a control financeiro.

Para a selección destes 66 expedientes, tivéronse en conta os seguintes tramos en función do importe das subvencións:

Grupo 1: Universo formado polas subvencións pagadas a entidades non lucrativas ordenadas de maior a menor contía:

1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 20.

Seleccionaranse ao chou 4 expedientes dos 20 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5.

O número aleatorio neste tramo foi o 3 (núm. de orde no universo 3).

2º TRAMO: Expedientes do 21 ao 55.

Seleccionaranse 5 expedientes do estrato composto por 35 expedientes (15 por cento). O primeiro seleccionarase a chou no intervalo 1-7.

O número aleatorio no tramo foi o 6 (núm. de orde universo 26).

3º TRAMO: Expedientes do 56 ao 255.

Neste estrato formado por 200 elementos, tomaranse 10 expedientes (o 5 por cento do estrato). O primeiro seleccionarase ao chou no intervalo 1-20.

O número aleatorio no tramo foi o 15 (núm. de orde universo 70).

4º TRAMO: Expedientes do 256 ao 1793.

Tomarase o 1 por cento do estrato formado por 1.538 expedientes, isto é, 15 expedientes por redondeo, determinándose ao chou o primeiro no intervalo 1-103.

No caso de que o número determinado ao chou no último tramo do estrato exceda de 38, tomarase o expediente sinalado no listaxe co número 1.793.

O número aleatorio neste último tramo foi o 91 (núm. de orde universo 346).

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO

As subvencións obxecto de control financeiro despois do sorteo, son as seguintes:

Nº ORDEN	IMPORTE €	CIF/NIF	ENTIDADE / BENEFICIARIO
1	125.000,00 €	G15565054	CLUB BASQUET CORUÑA
2	72.000,00 €	G15620651	FUNDACION SANTIAGO REY FERNANDEZ-LATORRE
3	60.000,00 €	G15302136	O PARRULO FUTBOL SALA
4	44.596,38 €	G70446810	COSTA DA MORTE ASOCIACION TURISTICA C.M.A.T.
5	31.395,00 €	G15702913	FUNDACION GALIZA SEMPRE
6	29.896,10 €	G70493762	ASOCIACION EL LORO FACU
7	27.715,03 €	G15359847	CLUB NOIA FUTBOL SALA
8	25.000,00 €	G15173263	ASOC.INTEGRO P/DIVERSIDAD FUNCIONAL COMARCA BERGATIÑOS,T.SONEIRA E FISTERRA
9	25.000,00 €	G70246558	FUNDACION FOLTRA
10	20.000,00 €	B70203518	CREARTE SERVIZOS CULTURAIS, S.L.
11	20.000,00 €	V15734205	FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF
12	17.500,00 €	G15538838	ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER
13	16.147,50 €	G70245717	ANHIDACORUÑA ASOC.DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION
14	15.000,00 €	G15037187	ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA
15	15.000,00 €	G70445960	ASOCIACION DE AMIGOS SI PERO A VAQUIÑA POLO QUE VALE
16	13.172,28 €	G15061070	ASOCIACION FOLKLORICA COLEGIATA DO SAR
17	12.500,00 €	G36479103	ASOCIACION GALEGA DE LINFEDEMA AGL

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO

18	11.950,00 €	G15109010	VICTORIA CLUB DE FUTBOL
19	10.836,85 €	G94079050	ASOC DE NENOS Y NENAS CON DIABETE DE GALICIA
20	8.000,00 €	B70037213	PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS, S.L.
21	6.974,20 €	G70130216	ASOCIACION NAIS E PAIS AGRO DO MUIÑO
22	5.500,00 €	G15127780	SOCIEDAD DEPORTIVA CLUB ORDENES
23	4.874,88 €	G15923113	ASOCIACION MULLERES RURAIS CERES DE CARBALLO
24	4.108,41 €	G15030372	PATRONATO CONCEPCION ARENAL
25	3.525,38 €	G15464639	AGRUPACION VOLUNTARIOS P.CIVIL- MIÑO
26	2.809,39 €	G70157110	ASOCIACION MULLERES RURAIS SAN PAIO
27	2.500,00 €	G15464035	A.P.A. O EUME DEL CONSERVATORIO DE MUSICA DE AS PONTES
28	2.200,00 €	G15125768	CLUB DE FUTBOL BOIMORTO
29	2.000,00 €	G15802788	CLUB DE CAZADORES VILADABAD
30	1.766,18 €	G15561293	ASOCIACION DEPORTIVA NICRARIENSE
31	1.409,49 €	G15409063	ESCOLA DE TEMPO E AIRE LIBRE NEBOA
32	1.000,00 €	G15411283	ASOCIACION CULTURAL EIRA VELLA DE BETANZOS
33	1.000,00 €	G70361233	ASOCIACION ELOS-GALICIA INVEST LITERAT INF-XUVENIL
34	800,00 €	G15064181	CLUB DE REGATAS DE PERILLO

GRUPO 2 DO UNIVERSO: PLAN EMPREGO LOCAL (PEL)

O universo extraído do programa SICALWIN, cun total de 200 subvencións correntes e de capital pagadas no exercicio 2019 do Programa de Emprego Local, (excluídas as de menos de 600€), foi a base para realizar o tamaño da mostra, extraendo un total de 32 expedientes sobre os que se realizará a control financeiro.

Grupo II: Subvencións do PEL a prol de empresas privadas.

Dado que sobre o primeiro grupo van a escollerse 34 expedientes, para completar a mostra de 66 expedientes, deberanse seleccionar 32 expedientes deste Grupo II no que se desglosou o universo. Para tal fin, vanse a utilizar os mesmos intervalos que no grupo anterior, se ben adaptados ao importe e número de elementos de cada estrato, fixándose os seguintes:

1º TRAMO: Expedientes do 1 ao 100.

Seleccionaranse ao chou 20 expedientes dos 100 que forman o tramo (o 20 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-5.

O número aleatorio neste tramo foi o 3 (núm. de orde universo 3).

2º TRAMO: Expedientes do 101 ao 200.

Seleccionaranse ao chou 12 expedientes dos 100 que forman o tramo (o 12 por cento do estrato). Determinarase aleatoriamente un cardinal no intervalo 1-9. No caso de que o número determinado ao chou no último tramo do estrato exceda de 100, tomarase o expediente sinalado no listaxe co número 200.

O número aleatorio no tramo correspondente foi o 7 (núm. de orde universo 107).

As subvencións obxecto de control financeiro despois do sorteo, son as seguintes:

Nº ORDEN	IMPORTE €	CIF/NIF	ENTIDADE/ BENEFICIARIO
1	20.000,00 €	B70407531	SEDIA INNOVACION AGROALIMENTARIA, S.L.
2	20.000,00 €	***2731**	CASTIÑEIRA SANTOS, ANA
3	19.600,00 €	***4147**	SEOANE ABRALDES, SANDRA
4	16.693,17 €	B87155768	BETANZOS HB, S.L.
5	15.640,00 €	B70536735	ALNUSS LIVIN, S.L.
6	13.500,00 €	B70252663	PROVENIR 2010, S.L.
7	13.500,00 €	B15950751	ALLFORSAIL, S.L.
8	12.892,50 €	B70255260	SERVICIO DE FORMACION GALEGO E SALVAMENTO
9	11.112,18 €	***9694**	SAMI MATAR, SAMIR
10	9.838,27 €	***8984**	COMESAÑA CARRASCO, VANESSA MARIA
11	9.329,76 €	B70104344	GRADEMPRES ASESORES, S.L.
12	7.842,97 €	B70449103	PASTORIZA GRUPO HOSTELERO, S.L.
13	6.750,00 €	***6654**	PENA PEREZ, OLIVER
14	6.750,00 €	B15593627	MAZAS FORESTAL, S.L.
15	5.626,28 €	B70436712	DGP CONSULTORES INTEGRALES DE FORMACION, S.L.
16	4.873,21 €	J70059530	GANDEIRIA O PENEDO, S.C.

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO

17	4.800,00 €	B70514898	LA PRADERA ONLINE, S.L.
18	4.800,00 €	***9205**	PARDO LOPEZ, GUADALUPE
19	4.800,00 €	B70546155	FIBRALAR, S.L.
20	4.800,00 €	B70524632	AMB DRINK SYSTEMS, S.L.
21	4.800,00 €	B70179973	TEIMAS DESENVOLVEMENTO, S.L.
22	4.724,00 €	***3013**	CARAMES HERMO, MARIA DOLORES
23	4.635,20 €	B70404108	LOSITRON SISTEMAS, S.L.L.
24	4.344,00 €	B70518444	ANTEVA SERVICIOS INFORMATICOS, S.L.
25	4.297,54 €	B70491576	TREE OF LIFE SERVICIOS FUNERARIOS, S.L.
26	3.967,86 €	B70461546	ESQUIO SOLUCIONES DIGITALES, S.L.
27	3.339,20 €	B70515515	SOLUMACH FABRICACION MAQUINARIA INDUSTRIAL
28	2.946,12 €	F70302880	HABITAT SOCIAL SOCIEDADE COOP GALEGA
29	2.550,00 €	J70443502	A VILA, S.C.
30	2.143,12 €	B70526983	MAQUISABA LOGISTICS, S.L.
31	2.000,00 €	***1784 **	RODRIGUEZ LUACES, ADRIANA
32	1.302,08 €	B70452263	SICASOFT SOLUTIONS, S.L.

GRUPO 3 DO UNIVERSO. CONCELLO DE ARZÚA

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Arzúa en 2019, una vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros **é de 17 expedientes**.

Ao non ter precedentes para determinar a porcentaxe de elementos defectuosos e ao ser un universo tan limitado, estímase que coa selección de **5 expedientes** ao chou sobre 17, o que supón un 30% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo dos 17 expedientes.

Os números seleccionados ao chou entre os 17 expedientes foron o 1, 2, 7, 13 e 14.

As subvencións obxecto de control financeiro despois do sorteo, son as seguintes:

Nº	IMPORTE €	NIF/CIF	ENTIDADE / BENEFICIARIO
1	55.000,00 €	G15384837	CASINO SOCIEDAD DEPORTIVA ARZUA
2	19.000,00 €	G15922685	ASOC. CULTURAL NOSA SRA. CARME
3	3.000,00 €	G15346109	ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMARCA ARZUA
4	1.680,00 €	35462929B	GARCIA PARDO, ANA (ARZUGRAFICA)
5	1.680,00 €	33300693M	LUIS ANGEL OROIS LAGE

GRUPO 3 DO UNIVERSO. CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón en 2019, una vez eliminadas as cotas de socio de entidades das que forma parte o concello, axudas a grupos políticos, achegas ao transporte metropolitano de Galicia, premios, o comedor escolar, axudas de emerxencia e as que non superan os 600 euros **é de 3 expedientes**.

Ao ser un universo tan limitado estímase que coa selección de **1 expediente** ao chou sobre 3, o que supón un 33% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo de 3 expedientes.

O número seleccionado ao chou foi o número 2.

As subvencións obxecto de control financeiro despois do sorteo, son as seguintes:

Nº	IMPORTE €	NIF/CIF	NOME ENTIDADE
1	1.000,00 €	G15745839	ASOCIACIÓN DE FESTEXOS SAN BIEITO DE SERGUDE

GRUPO 3 DO UNIVERSO. CONCELLO DE CEE

O universo das subvencións pagadas polo Concello de Cee en 2019, una vez eliminadas as axudas de emerxencia social, os premios, o comedor escolar e as que non superan os 600 euros **é de 10 expedientes**.

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL FINANCEIRO

Ao ser un universo tan limitado estímase que coa selección de **3 expedientes** ao chou sobre 10, o que supón un 30% do total, obtense un dato significativo que ben se pode extrapolar ao universo de 10 expedientes.

Os números seleccionados ao chou entre os 10 expedientes foron o 3, 6 e o 9.

As subvencións obxecto de control financeiro despois do sorteo, son as seguintes:

Nº	IMPORTE €	CIF	ENTIDADE
1	1º pago: 9.544,00 € 2º pago: 8.455,00 €	G15290828	FUNDACION FERNANDO BLANCO
2	4.000,00 €	G70119540	ASOC. COMARCAL DE BALONCESTO COSTA DA MORTE
3	2.250,00 €	G70343496	ASOCIACIÓN DEPORTIVA OLIMPIA

O interventor adxunto
Juan Bautista Suárez Ramos

A xefa do negociado de Control Financeiro
Elisa Zas Prieto